Iconografía musical: coñecemento histórico e valoración crítica da arte e as súas formas vencelladas ás imaxes musicais, dende a antigüidade ata o século XX. Consideracións básicas de tipo mitolóxico sobre a orixe dos instrumentos. Programas iconográficos musicais en documentos escritos, arquitectura, pintura, escultura, etc. Instrumentos musicais e símbolos na cultura europea.

Idiomas: estudio das linguas alemana, francesa, inglesa e italiana, na súa aplicación ó canto: aspectos prosódicos, fonolóxicos e fonéticos. Afondamento nos coñecementos gramaticais que permitan comprender a estrutura dos diferentes idiomas. Coñecemento e análise de textos poéticos e dramáticos utilizados na composición musical ó longo da historia.

Improvisación e acompañamento: a improvisación como medio expresivo: principios xerais para desenvolver a capacidade creativa. Tipos de improvisación: libre e condicionada. Formas e estilos de improvisación. Análise de formas improvisadas. Desenvolvemento progresivo da improvisación a partir de elementos musicais (estructuras harmónico-formais, melódicas, rítmicas, etc.) ou extramusicais (textos, imaxes, etc.). Aplicación da improvisación á práctica do acompañamento.

Improvisación, movemento e danza: desenvolvemento da creatividade a través da sensibilidade cinestésica. Formas básicas do movemento. A mímica e o xesto como medios expresivos de comunicación.

Inglés: (ver idiomas).

Instrumentación e orquestración: estudio das características e posibilidades individuais dos diferentes instrumentos, e das derivadas do seu emprego combinado dentro das distintas agrupacións camerísticas e sinfónicas. Coñecemento do desenvolvemento evolutivo dos criterios de orquestración a través das diferentes épocas e estilos.

Instrumento principal: perfeccionamento das capacidades artística, musical e técnica, que permitan abordar a interpretación do repertorio máis representativo do instrumento e da súa familia cando se trate de instrumentos de vento-madeira ou vento-metal. Coñecemento dos criterios interpretativos aplicables a este repertorio, de acordo coa súa evolución estilística. Se é o caso, estudio do repertorio con instrumento acompañante.

Instrumentos de corda pulsada do Renacemento e o Barroco: (ver instrumento principal).

Instrumentos da música antiga: (ver instrumento principal).

Instrumentos da música tradicional e popular: (ver instrumento principal).

Instrumentos de puga: (ver instrumento principal).

Italiano: (ver idiomas).

Metodoloxía da investigación etnomusicolóxica: panorama das diferentes liñas de investigación na etnomusicoloxía contemporánea: métodos, concepcións e crítica das diferentes posicións teóricas. Coñecemento das diferentes tradicións musicais de diferentes culturas a través das investigacións levadas a cabo. Estudio da música no seu contexto social e antropolóxico, tanto no que se refire á súa conceptualización, como á súa creación, transmisión, interpretación e difusión. Relación entre as diferentes categorías da música: culta, popular, tradicional, exótica, etc.

Metodoloxía da investigación flamencolóxica: panorama das diferentes liñas de investigación na flamencoloxía contemporánea: métodos, concepcións e crítica das diferentes posicións teóricas. Estudio do flamenco no seu contexto social e antropolóxico, tanto no que se refire á súa conceptualización, como á súa creación, transmisión, interpretación e difusión.

Metodoloxía da investigación musicolóxica: fundamentos de heurística, relativos á busca, definición e localización das fontes da música. Técnicas específicas de estudio e de hermenéutica. Descrición e uso das técnicas de arquivística, documentación e información.

Música de cámara: afondamento nos aspectos propios da interpretación camerística. Desenvolvemento da lectura a primeira vista, e da capacidade de controlar, non só a propia función, senón o resultado do conxunto, en agrupacións con e sen director. Práctica do repertorio camerístico. Desenvolvemento da práctica de conxunto a partir das tradicionais for-

macións camerísticas: cuarteto de corda, quinteto de vento, cuarteto de saxofóns, etc.

Música de tradición oral: fundamentos da etnomusicoloxía. Fontes da música de tradición oral. Coñecemento e estudo comparativo das características musicais das diferentes culturas. Relación entre as músicas tradicional, popular e culta.

Música española tradicional e popular: coñecemento e estudo das formas máis características da música tradicional. Adquisición dun repertorio amplo e representativo dos diferentes xéneros e estilos. O valor educativo e artístico do repertorio tradicional como fundamento do canto escolar. Criterios de selección para a súa aplicación na aula.

Música tradicional doutras culturas: estudo dun repertorio de cancións e xogos pertencentes a países non europeos con especial énfase na música afroamericana. Desenvolvemento dos criterios de selección para a súa aplicación didáctica. A música étnica e o seu valor educativo na aula.

Música tradicional e popular galega: estudo da música vocal e instrumental nos seus ritmos, instrumentos, diferentes tipos de agrupacións, modos, temáticas dos textos, formas, bailes, etc. Análise do contexto social e función da música. Afondamento no coñecemento da historia da música galega e os seus principais compositores e intérpretes. Estudo dos diferentes cancioneros. A música tradicional galega no eido urbano.

Notación: estudo da evolución da notación musical desde a antigüidade ata os nosos días, e a súa integración co desenvolvemento da linguaxe musical occidental e das diferentes técnicas compositivas. A notación antiga-ou paleográfica-e a moderna. Estudo da notación desde a perspectiva puramente gráfica, e desde a semioloxía musical.

Notación da música antiga: estudo da evolución da notación musical occidental desde os primeiros documentos escritos ata o século XVIII, e a súa integración co desenvolvemento da linguaxe musical occidental e das diferentes técnicas compositivas. Criterios de transcripción e edición.

Notación, taboadura e ornamentación: estudo dos diferentes procedementos de notación musical por medio de letras, cifras e outros signos na que se atopa escrita a maior parte da literatura instrumental. Transcripción, anotación convencional dos diferentes tipos de taboadura. Práctica de lectura directamente da taboadura. Coñecemento teórico-práctico da ornamentación empregada nas diferentes etapas da historia da música e criterios de interpretación das diferentes táboas.

Óboe: (ver instrumento principal).

Órgano: (ver instrumento principal).

Organoloxía: fundamentos de acústica musical. Estudo dos instrumentos musicais, a partir dos diferentes enfoques históricos, tanto antropolóxicos (consideracións de tipo mitolóxico sobre a súa orixe,

de tipo estético sobre a evolución da súa fisionomía, etc.) como técnicos ou científicos. Coñecemento das clasificacións dos instrumentos máis importantes, atendendo ós criterios dos principais tratadistas.

Ornamentación: estudo e práctica instrumental dos diferentes estilos de ornamentación e diminución, desenvolvementos entre os séculos XVI e XVIII.

Orquestra: práctica nos distintos tipos de agrupacións orquestrais. Afondamento nas capacidades relacionadas coa lectura a primeira vista, a comprensión e resposta ás indicacións do director, e a integración no conxunto, a través dunha aproximación ó repertorio orquestral.

Percusión: (ver instrumento principal).

Piano: (ver instrumento principal).

Piano complementario: principios básicos da técnica pianística. Desenvolvemento da capacidade de lectura a primeira vista e da comprensión dos elementos e procedementos constructivos (estructuras harmónicas básicas, procesos formais, etc.) a través dun repertorio axeitado, no instrumento de tecla elixido ou no que se considere máis conveniente en relación á especialidade que se curse (piano, clave, órgano, etc.).

Práctica auditiva: afondamento no estudo teórico-práctico dos elementos constitutivos da linguaxe musical.

Práctica harmónico-contrapuntística: práctica escrita e instrumental dos diferentes elementos e procedementos harmónicos e contrapuntísticos do sistema tonal occidental, así como anteriores e posteriores a este.

Prácticas de profesorado: realización de prácticas de iniciación docente nos diversos niveis e modalidades da ensino musical no sistema educativo. Observación e participación docente cun grupo ou distintos grupos de alumnos. Seminarios sobre procedementos metodolóxicos, recursos didácticos e avaliación do proceso formativo. Coñecemento do sistema escolar a través do coñecemento dun centro concreto como unidade organizativa nas súas distintas dimensións e funcións.

Psicopedagogía: factores e procesos básicos de aprendizaxe. Contidos e procesos de aprendizaxe. Conceptos básicos de socioloxía. Teorías contemporáneas da educación. Fundamentos da psicoloxía evolutiva. O problema do desenvolvemento do coñecemento. Aprendizaxe como forma de coñecemento: teoría, fases, variables, etc. A creatividade e o seu desenvolvemento. Creatividade e docencia. A personalidade: interacción profesor/alumno. O papel do profesor e a influencia das súas aptitudes.

Reducción de partituras: práctica da redución ó teclado de obras de dificultade progresiva (desde cuartetos de corda ata obras para orquestra sinfónica, incluíndo obras vocais e vocais-instrumentais).

**Repentización:** desenvolvemento da habilidade de repentizar obras de dificultade progresiva, que permita perfeccionar tanto a capacidade de automatismo e velocidade na lectura do texto musical como a comprensión inmediata do sentido dos seus elementos esenciais-formais, harmónicos, temáticos, etc., e a súa interpretación no instrumento a medida que se le a obra. Práctica da transposición, tanto escrita como repentizada, a tódalas tonalidades.

**Repertorio de oratorio:** afondamento no coñecemento e estudio do repertorio de oratorio nas súas distintas épocas e variantes. Coñecemento dos criterios interpretativos aplicables ó dito repertorio en relación coa súa evolución estilística. Coñecemento e desenvolvemento de elementos de investigación interpretativa.

**Repertorio liederístico:** afondamento no coñecemento e estudio do repertorio liederístico nas súas distintas épocas e variantes. Coñecemento dos criterios interpretativos aplicables ó dito repertorio en relación coa súa evolución estilística. Coñecemento e desenvolvemento de elementos de investigación interpretativa. A canción española no século XX.

**Repertorio operístico e zarzuelístico:** afondamento no coñecemento e estudio do repertorio operístico e zarzuelístico nas súas distintas épocas e variantes. Coñecemento dos criterios interpretativos aplicables ó dito repertorio en relación coa súa evolución estilística. Coñecemento e desenvolvemento de elementos de investigación interpretativa.

**Repertorio orquestral:** estudio do repertorio orquestral básico do instrumento principal e da súa familia cando se trate de instrumentos de vento-madeira ou vento-metal, referido tanto a solos como a pasaxes de tutti das que a dificultade ou especiais características aconsellen a súa inclusión na programación da ensinanza.

**Rítmica e improvisación:** estudio teórico-práctico dos aspectos métricos e rítmicos característicos na música do século XX. Novas grafías e a súa aplicación didáctica. Aplicación da improvisación á rítmica e á práctica do acompañamento rítmico.

**Saxofón:** (ver instrumento principal).

**Segundo instrumento:** principios básicos da técnica do instrumento elixido. Estudio dun repertorio que inclúa obras de diferentes épocas e estilos.

**Socioloxía da música:** estudio científico do papel da música nas diversas sociedades, e a súa evolución ó longo da historia, en relación cos diferentes factores relixiosos, utilitarios, pedagóxicos, etc. Métodos da investigación sociolóxica (observación, inducción, comparación, estatísticas) e a súa relación con outros campos do coñecemento.

**Taller de composición:** aplicación dos coñecementos adquiridos tanto nas materias de composición ou composición con medios audiovisuais: montaxe de obras propias cun grupo de intérpretes, e resolución dos diferentes problemas tanto técnicos como

musicais que poidan xurdir durante as sesións de traballo; inclusión, se é o caso, de transformacións electroacústicas en tempo real, empregando as distintas posibilidades ofrecidas polos medios informáticos, así como sonorización de imaxes con música propia, con ou sen utilización de medios electroacústicos.

**Técnica corporal:** entrenamiento básico do corpo como instrumento actoral: desenvolvemento das posibilidades expresivas e creativas en relación coa interpretación musical escénica.

**Teoría musical do flamenco:** estudio e análise das estruturas musicais que regulan a arte flamenca: melodía, harmonía, ritmo, métrica e formas. Análise da interacción destes elementos dentro do sistema musical flamenco. Estudio dos diferentes estilos do flamenco en tódalas súas vertentes. Terminoloxía do flamenco.

**Teoría e práctica da improvisación de Jazz:** a improvisación como medio de expresión. Técnicas para o desenvolvemento da capacidade creativa. Tipos de improvisación: libre e condicionada. Características da improvisación nos diferentes estilos e épocas do Jazz, así como condicións e capacidades expresivas do propio instrumento aplicables á improvisación. Estudio de técnicas de composición e análise do desenvolvemento melódico-harmónico, aplicables á improvisación, así como das diferentes formas de acompañamento improvisado segundo as épocas, estilos e características do propio instrumento. Improvisación a partir de elementos musicais (estructuras harmónico-formais, melódicas, rítmicas, etc.) ou extramusicales (textos, imaxes, etc.).

**Teoría e práctica da improvisación flamenca:** características segundo os diferentes estilos do flamenco. Coñecemento dos procedementos harmónicos propios do flamenco e a súa aplicación á improvisación. Elementos formais da música flamenca orientados cara a improvisación.

**Traballo de campo, transcripción e edición:** metodoloxía e técnicas de traballo de campo en etnomusicoloxía: análise crítica e experiencia en diferentes modalidades. O traballo de campo en antropoloxía e a investigación musicolóxica.

**Transcripción:** metodoloxías, obxectivos e práctica da transcripción musical: a transcripción como procedemento de análise e de comprensión dos elementos da obra musical. Utilización, análise e valoración dos materiais bibliográficos e documentais.

**Transcripción aplicada ó flamenco:** fundamentos para a realización e o uso crítico de transcripcións en tódalas súas vertentes (guitarra, cante, baile, palmas e jaleo). A actuación en vivo e as gravacións como primeiros documentos de análise da música flamenca.

**Trompa:** (ver instrumento principal).

**Trompeta:** (ver instrumento principal).

Trombón: (ver instrumento principal).  
 Tuba: (ver instrumento principal).  
 Viola: (ver instrumento principal).  
 Viola da gamba: (ver instrumento principal).  
 Violín: (ver instrumento principal).  
 Violoncelo: (ver instrumento principal).

### ANEXO III

Clasificación das materias a efectos da relación numérica máxima profesor/alumno, segundo o disposto no artigo 20 do Real decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas artísticas e no apartado décimo deste decreto Ensinanzas instrumentais individuais:

Canto.  
 Correpetición.  
 Instrumento principal de cada especialidade.  
 Piano complementario.  
 Repertorio de oratorio.  
 Repertorio liederístico.  
 Repertorio operístico e zarzuelístico.  
 Repertorio orquestral.  
 Segundo instrumento.

Ensinanzas instrumentais colectivas:

1. Materias nas que a relación numérica profesor/alumno está determinada polas esixencias da agrupación vocal ou instrumental de que se trate.

Conxunto.  
 Coro.  
 Coro de cámara.  
 Escena lírica.  
 Música de cámara.  
 Orquestra.

2. Materias cunha relación numérica máxima profesor/alumno de 1/4:

Acompañamento aplicado á guitarra flamenca.  
 Continuo.  
 Improvisación e acompañamento.  
 Reducción de partituras.  
 Repentización.  
 Rítmica e improvisación.  
 Teoría e práctica da improvisación de Jazz.  
 Teoría e práctica da improvisación flamenca.

Ensinanzas non instrumentais:

1. Materias cunha relación numérica máxima profesor/alumno de 1/2:

Composición.  
 Contrapunto.  
 Harmonía.  
 Instrumentación e orquestración.

2. Materias cunha relación numérica máxima profesor/alumno de 1/4:

Composición con medios audiovisuais.  
 Composición e arranxos de Jazz.

Concertación.  
 Dirección coral e instrumental.  
 Dirección de coro.  
 Dirección de orquestra.  
 Fundamentos de electroacústica e informática musical.  
 Harmonía de Jazz.  
 Taller de composición.  
 Transcripción.  
 Transcripción aplicada ó flamenco.

3. Materias cunha relación numérica máxima profesor/alumno de 1/10:

Afinación e temperamento.  
 Análise.  
 Análise da música de Jazz.  
 Análise do século XX.  
 Análise xeral.  
 Baile flamenco.  
 Composición aplicada.  
 Didáctica da especialidade.  
 Didáctica do conxunto instrumental.  
 Educación auditiva.  
 Educación auditiva de Jazz.  
 Formas musicais organísticas.  
 Fundamentos da técnica do movemento.  
 Harmonización e arranxos.  
 Harmonización e arranxos aplicada á pedagogía.  
 Idiomas.  
 Improvisación, movemento e danza.  
 Notación, tablatura e ornamentación.  
 Práctica harmónico-contrapuntística.  
 Técnica corporal.  
 Teoría musical do flamenco.

4. Materias cunha relación numérica máxima profesor/alumno de 1/15:

Antropoloxía musical.  
 Arquivística e biblioteconomía.  
 Canto gregoriano.  
 Cultura latina.  
 Danzas históricas.  
 Didáctica da educación musical.  
 Didáctica da linguaxe musical.  
 Didáctica da música.  
 Etnomusicoloxía.  
 Evolución estilística do repertorio.  
 Fontes históricas da interpretación renacentista e barroca.  
 Fundamentos da flamencoloxía.  
 Historia da etnomusicoloxía.  
 Historia da música.  
 Historia da música antiga e medieval.  
 Historia da música moderna e contemporánea.  
 Historia do Jazz.  
 Historia da arte flamenca.  
 Historia das diferentes escolas e/ou sistemas.  
 Iconografía musical.  
 Metodoloxía da investigación etnomusicolóxica.  
 Metodoloxía da investigación flamencolóxica.  
 Metodoloxía da investigación musicolóxica.  
 Música de tradición oral.  
 Música española tradicional e popular.  
 Música tradicional doutras culturas.

Música tradicional e popular galega.  
 Notación.  
 Notación da música antiga.  
 Organoloxía.  
 Ornamentación.  
 Práctica auditiva.  
 Prácticas de profesorado.  
 Psicopedagogía.  
 Socioloxía da música.  
 Traballo de campo, transcripción e edición.

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Decreto 184/2001, do 26 de xullo, polo que se acepta a cesión a título gratuito á Comunidade Autónoma de Galicia dunha parcela, no termo municipal de Cambados (Pontevedra), para a construción dun edificio para os xulgados de Cambados.*

O Pleno da Corporación municipal do Concello de Cambados, reunido en sesión do día 26 de febreiro de 1999, acordou ceder á Comunidade Autónoma de Galicia unha parcela de 474,87 m<sup>2</sup> de superficie, no termo municipal de Cambados (Pontevedra), para a construción dun edificio para os xulgados de Cambados.

Conforme os artigos 17.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma galega, e 34 do seu regulamento aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo, a adquisición pura e simple de bens a título gratuito ou lucrativo requirirá decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Economía e Facenda. Así mesmo, os artigos 23.1º da mesma lei e 38.1º do regulamento establecen que non se poderán adquirir bens ou dereitos a título lucrativo cando o valor dos gravames, cargas ou afeccións impostos sobre eles supere o seu valor intrínseco; se ben non se considera carga, gravame ou afección os investimentos que teña que realiza-la Comunidade Autónoma para da-lo destino de uso xeral ou servizo público da súa competencia que fixe o cedente ou doador.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, feita nos termos nos que o Concello de Cambados acordou a cesión e logo de deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día vinteseis de xullo de dous mil un,

*DISPOÑO:*

#### Artigo 1º

Acéptase a cesión gratuíta dunha parcela de 474,87 m<sup>2</sup> de superficie, situada no termo municipal de Cambados (Pontevedra), que a seguir se describe:

Urbana: soar sito en Terra Santa, parroquia e municipio de Cambados, de 474,87 m<sup>2</sup>. Linda: norte, zona verde que separa a rúa de nova apertura, rúa A, e Ramón Santiso coa parcela 2); sur, Luis Carro Trigo; leste, rúa Pardo Bazán; e oeste, *Núñez Reboledo, S.A.*, coa parcela 3).

Inscrita a favor do Concello de Cambados no tomo 990, libro 107 de Cambados, folio 193, predio nº 11.306, inscrición 1ª.

#### Artigo 2º

A parcela cedida destinarase á construción dun edificio para os xulgados en Cambados.

#### Artigo 3º

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, procederá á formalización da cesión no correspondente documento público e a inscrición do ben no Rexistro da Propiedade a nome da Comunidade Autónoma.

#### *Disposición derradeira*

A Consellería de Economía e Facenda, a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio, levará a cabo tódolos trámites necesarios para a efectividade do presente decreto.

Santiago de Compostela, vinteseis de xullo de dous mil un.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

*Decreto 185/2001, do 26 de xullo, polo que se modifican as contías establecidas nos artigos 25 e 26 da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.*

A disposición adicional segunda da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma galega de 1989, establece que o Consello da Xunta de Galicia poderá, a través de decreto, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, modifica-las contías establecidas, entre outros, nos artigos 25 e 26 da antedita Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma galega.

As contías sinaladas nestes preceptos foron actualizadas polo Decreto 207/1994, do 30 de xuño (DOG nº 131, do 8 de xullo. c.e. DOG nº 143, do 27 de xullo).

Neste sentido, tendo en conta o substancial incremento de valores producido no sector inmobiliario

desde a inicial aprobación da devandita Lei 3/1985, como o evidencian as reformas xa operadas na normativa doutras administracións públicas na materia, e para os efectos dunha maior axilidade na tramitación dos expedientes patrimoniais, faise necesario eleva-las contías dos anteditos artigos.

En consecuencia, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteseis de xullo de dous mil un,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Ó abeiro da disposición adicional segunda da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, modifícanse as contías sinaladas nos artigos 25 e 26 da devandita Lei 3/1985, que quedan fixadas do seguinte xeito:

##### 1. Contías do artigo 25.

Cando o valor dos bens e dereitos, segundo a declaración de alienabilidade, non exceda de 500 millóns de pesetas, corresponderalle acorda-lo alleamento á Consellería de Economía e Facenda; cando supere os 500 millóns de pesetas, ó Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Economía e Facenda; e cando exceda de 2.000 millóns de pesetas, ó Parlamento, mediante lei.

##### 2. Contía do artigo 26.

Se o valor dos bens inmoebles é inferior a 250 millóns de pesetas, corresponderalle autoriza-lo alleamento directo á Consellería de Economía e Facenda, e nos demais casos, ó Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Economía e Facenda, en todo caso, mediante acordo motivado.

#### *Disposición derogatoria*

Quedan derogadas cantas disposicións da mesma ou inferior categoría se opoñan ó establecido neste decreto.

#### *Disposición derradeira*

O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinteseis de xullo de dous mil un.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

*Decreto 186/2001, do 26 de xullo, polo que se desafecta do dominio público unha parcela, situada en San Lázaro, no termo municipal de Santiago de Compostela (A Coruña).*

A Comunidade Autónoma de Galicia é titular, en virtude do Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo,

sobre traspaso de funcións e servicios do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca (BOE nº 292, do 6 de decembro de 1982), do predio denominado Hospital-Horta de San Lázaro, parroquia de San Lázaro (antes parroquia de Santa María de Sar), municipio da cidade de Santiago de Compostela, coñecida tamén como Leprosaría e Horta de San Lázaro, de superficie total de 71.767 m<sup>2</sup>, (que segundo certificación catastral e recente medición é de 72.950 m<sup>2</sup>).

Na actualidade, o dito inmovible consta no Inventario de Bens e Dereitos da Comunidade Autónoma de Galicia como ben de dominio público con destino a sede de dependencias administrativas da Xunta de Galicia.

Con data do 29 de xullo de 1996, o Concello de Santiago de Compostela asinou coa Consellería de Economía e Facenda un convenio de cooperación urbanística, asinándose así mesmo unha addenda ó dito convenio con data do 15 de xuño de 2000, asumindo entre outros o compromiso de ceder ó Concello de Santiago de Compostela unha superficie de terreo con destino a equipamento deportivo.

Co obxecto de dar cumprimento ó dito convenio, procede a desafectación do dominio público dunha parcela de 22.250 m<sup>2</sup>, onde se sitúa o inmovible denominado Hospital-Horta de San Lázaro, parroquia San Lázaro (antes parroquia de Santa María de Sar), municipio de Santiago de Compostela (A Coruña), propiedade da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme o disposto no artigo 24 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 10.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, sinala que cando os bens e dereitos non fosen necesarios para o cumprimento dos fins determinantes da súa afectación, cesará a súa natureza demanial e adquirirán a condición de patrimoniais, sen prexuízo, se é o caso, do dereito de reversión nos termos da lexislación de expropiación forzosa respecto daqueles bens adquiridos por este título.

O punto segundo do antedito artigo establece que a desafectación dos bens de dominio público da Comunidade Autónoma de Galicia deberá facerse mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, logo de instrución do expediente pola Consellería de Economía e Facenda, por instancia da consellería interesada, e sempre que se acredite a desaparición das causas xustificativas da afectación.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteseis de xullo de dous mil un,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Desaféctase do dominio público unha parcela se describe como segue:

«Parcela de 22.250 m<sup>2</sup> de superficie que linda ó norte, en liña recta de 174,20 m co camiño veciñal,

(hoxe rúa de Penamaría); ó sur, en liña curva de 54,96 m e en liña recta de 118,31 m, co resto do predio matriz; ó leste, en liña recta de 115,17 m cos predios de Carmen Míguez Losada, Dolores Fandiño Vilaseco, María Fandiño Vilaseco, Rosa Iglesias Rodríguez; ó oeste, en liña recta de 131,75 m cos predios de Agustín Rey Rivadas e M<sup>a</sup> Dolores Quintela López».

A parcela obxecto de desafectación segregárase do predio matriz que figura inscrito no Rexistro da Propiedade nº 1 de Santiago de Compostela no tomo 1.280, libro 277, folio 185, predio nº 26.856, inscrición 1<sup>a</sup> a nome da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 2º

O ben inmovible antes descrito adquire natureza patrimonial, sen prexuízo do cumprimento da recepción formal por parte de Consellería de Economía e Facenda do ben desafectado, de conformidade co disposto no artigo 27 do Decreto 50/1989, do 9 de marzo, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 3/1985, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela, vinteseis de xullo de dous mil un.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

José Antonio Orza Fernández  
Conselleiro de Economía e Facenda

### **CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E POLÍTICA AGROALIMENTARIA**

*Orde do 2 de agosto de 2001 pola que se amplía a convocatoria de axudas para a retirada do mercado de fariñas animais.*

A orde do 23 de marzo de 2001 (*Diario Oficial de Galicia* do 4 de abril) estableceu a convocatoria de axudas ós fabricantes de fariñas animais para a retirada e procesamento de despoños de matadoiros e industrias cárnicas de Galicia e a súa posterior eliminación e/ou destrución conforme a normativa vixente. Os requisitos establecidos sinalaban que as fariñas animais debíanse producir con data máxima do 30 de xuño de 2001, ó ser esa a data límite establecida neses momentos pola normativa comunitaria de validez da prohibición do uso desas fariñas na alimentación animal. Ampliado o citado prazo de prohibición ata o 31 de decembro de 2001, procede ampliar tamén o prazo de validez das axudas ata a mesma data.

En consecuencia, e de acordo co disposto no artigo 30.I.3º do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das competencias que me confire a Lei 1/1983,

do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente e demais normativas de aplicación,

#### *DISPOÑO:*

##### Artigo 1º-Obxecto.

O obxecto desta orde é amplia-la convocatoria de axudas establecidas na Orde do 23 de marzo de 2001, pola que se establecen axudas para a retirada do mercado de fariñas animais, a aquelas producidas ata o 31 de decembro de 2001.

##### Artigo 2º-Características das axudas e requisitos.

Os beneficiarios, características e requisitos dos produtos son os mesmos cós sinalados na Orde do 23 de marzo de 2001, salvo no punto b) do artigo 4º no que a data establecida do 1 de xullo de 2001 debe ser substituída pola do 1 de xaneiro de 2002.

##### Artigo 3º-Tramitación.

Establécese un prazo ata o 15 de setembro de 2001 para presenta-las solicitudes de axuda, debéndose acompañar coa seguinte documentación:

1. Se o interesado solicitou axuda a través da Orde do 23 de marzo de 2001 e presentou, polo tanto, a documentación sinalada no artigo 6 da citada orde, soamente deberá actualizala engadindo unha memoria coa previsión de refugallos que se van procesar entre o 1-7-2001 e o 31-12-2001 incluíndo os puntos referenciados no punto 3º do artigo 6. Así mesmo, na mesma memoria deberá incluír calquera outra variación que puidera haber sobre a información incluída na petición presentada con anterioridade.

2. No caso de non ter solicitado axuda con anterioridade a través da Orde do 23 de marzo 2001, débese incluír toda a documentación sinalada no artigo 6 da citada orde, ampliando as previsións recollidas no punto 3º ata o 31-12-2001.

O procedemento de resolución e pagamento das axudas, así como a súa compatibilidade e o réxime de recursos son os mesmos cós citados na Orde do 23 de marzo de 2001.

##### Artigo 4º-Seguimento e control.

Para o seguimento e control das axudas, así como no referente ás normas sobre incumprimentos, será de aplicación o disposto na Orde do 23 de marzo de 2001, salvo no caso do parágrafo segundo do artigo 11, que debe ser substituído pola seguinte: «No caso de que nas análises de control das características das fariñas elaboradas, resulten valores inferiores ós contidos en materia seca e proteína bruta requiridos, aplicarase a redución proporcional correspondente na subvención que se vai percibir. Non obstante, no caso de dárense valores notoriamente inferiores ós requiridos, poderá ocasionala perda da totalidade da subvención correspondente a esa partida, e do resto da subvención aínda non percibida se os referidos valores foran repetitivos.

#### *Disposicións derradeiras*

##### Primeira.-Habilitación normativa.

Autorízase o director xeral de Industrias e Alimentación para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2001.

Juan Miguel Diz Guedes  
Conselleiro de Agricultura, Gandería  
e Política Agroalimentaria

### **CONSELLERÍA DE PESCA, MARISQUEO E ACUICULTURA**

*Orde do 31 de xullo de 2001 pola que se delegan determinadas competencias nos delegados territoriais.*

#### Artigo 1º

Delégase nos delegados territoriais a resolución dos expedientes de instalación ou cambio de motor, incluídos no campo de aplicación do Real decreto 580/2001, do 1 de xuño, polo que se permite incremento de potencia propulsora a buques menores de 12 metros de eslora total (BOE do 5 de xuño); os ditos expedientes tramitaranse de acordo co procedemento establecido na Orde do 5 de maio de 1998 (*Diario Oficial de Galicia* do 28 de maio).

#### Artigo 2º

As resolucións administrativas que se adopten facendo uso da delegación contida na presente orde farán constar expresamente esta circunstancia e consideraranse dictadas pola autoridade que as conferiu.

#### Artigo 3º

O conselleiro poderán en calquera momento, reclama-lo exercicio das facultades delegadas na presente disposición.

#### *Disposición derradeira*

A presente orde entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2001.

P.D. (Orde do 17-12-1997,  
DOG nº 246, do 22 de decembro)  
Miguel Ángel López Sieiro  
Secretario xeral da Consellería de Pesca,  
Marisqueo e Acuicultura

### **CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS**

*Decreto 187/2001, do 26 de xullo, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2002 na Comunidade Autónoma de Galicia.*

O artigo 37.2º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido

da Lei do Estatuto dos traballadores e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, determinan o calendario de festas laborais de ámbito nacional, de carácter retribuído e non recuperable. Respecto dalgunhas das festas de ámbito nacional, as comunidades autónomas teñen facultades de opción ou substitución por outras que por tradición lles sexan propias.

Facendo uso destas facultades e ó coincidir en domingo o 6 de xaneiro, Epifanía do Señor, e o 8 de decembro, Inmaculada Concepción, considérase oportuno substituí-lo descanso laboral correspondente ás devanditas festividades, incorporando á relación de festas da nosa Comunidade Autónoma para o 2002, o 19 de marzo, San Xosé e o 17 de maio, Día das Letras Galegas, que pola súa significación xa foron implantadas como festas laborais noutras ocasións, seguindo deste xeito o criterio de manter unha certa estabilidade na determinación das festas laborais para conmemorar todo o que forma parte da nosa tradición, historia e cultura.

En virtude do establecido na Constitución Española e no artigo 29.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia, asumidas e asignadas polo Decreto 117/1982, do 5 de outubro, oído o Consello Galego de Relacións Laborais, por proposta do conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinteseis de xullo de dous mil un,

#### *DISPOÑO:*

#### Artigo 1º

Conforme o establecido no artigo 37.2º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, modificado polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, de non producirse modificación no calendario laboral de carácter nacional, as festas laborais de carácter retribuído e non recuperable no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2002 serán as seguintes:

-1 de xaneiro: Aninovo.

-19 de marzo: San Xosé.

-28 de marzo: Xoves Santo.

-29 de marzo: Venres Santo.

-1 de maio: Festa do Traballo.

-17 de maio: Día das Letras Galegas.

-25 de xullo: Santiago Apóstolo. Día Nacional de Galicia.

-15 de agosto: Asunción da Virxe.

-12 de outubro: Festa Nacional de España.

-1 de novembro: Tódolos Santos.

-6 de decembro: Día da Constitución Española.

-25 de decembro: Natividade do Señor.

#### Artigo 2º

Conforme o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos traballadores, artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, que serán determinadas polo delegado da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais en cada unha das provincias da Comunidade Autónoma, por proposta do pleno dos respectivos concellos, e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 3º

De acordo co que dispón o artigo 48.7º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as festas laborais sinaladas no artigo 1º terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.

#### *Disposición derradeira*

Este decreto producirá efectos a partir do día un de xaneiro do ano dous mil dous.

Santiago de Compostela, vinteseis de xullo de dous mil un.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Antonio Pillado Montero  
Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais

*Resolución do 30 de xullo de 2001 pola que se emplazan as partes interesadas no recurso contencioso-administrativo número 03/0007957/2001 interposto por Socorro Maciñeira Teijeiro.*

Recibida da sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, providencia pola que se admite o recurso contencioso-administrativo número 03/0007957/2001, interposto por Socorro Maciñeira Teijeiro contra o Decreto 93/2001, do 19 de abril (DOG nº 88, do 8 de maio), polo que se declara a urxente ocupación para efectos de expropiación forzosa dos bens necesarios para a realización das obras do proxecto de mellora ambiental do borde fluvial da Ría de Ortigueira, tramo Santa Marta-Morouzos.

Esta dirección xeral acordou nesta data, e de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción conten-

cioso-administrativa, notificarlles a tódalas persoas interesadas no procedemento e empra-las para que poidan constituírse en parte nos autos da sección terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de nove días contados desde o seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2001.

Alfonso Rueda de Valenzuela  
Director xeral de Administración Local

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E POLÍTICA AGROALIMENTARIA

*Orde do 24 de xullo de 2001 pola que se resolve parcialmente a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de vintenove postos de traballo vacantes na Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de vintenove postos de traballo vacantes na Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria pola Orde do 22 de maio de 2001 (DOG nº 109, do 6 de xuño), en uso das facultades e atribucións conferidas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no seu artigo 15.4º e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida ley, visto o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e demais normativa vixente, esta consellería

#### ACORDA:

Primeiro.-Resolver parcialmente a citada convocatoria conforme se cita no anexo desta orde, adxudicando destino, no postos de traballo que se indica, ós/as funcionarios/as que se citan.

Segundo.-O cesamento no actual destino do funcionario/a que obteña praza producirase no prazo de tres días contados a partir do seguinte ó da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. A toma de posesión da praza adxudicada deberá realizarse no prazo dos tres días seguintes ó do cesamento, se se trata da mesma localidade na que actualmente presta os seus servicios o funcionario, ou no prazo dun mes, se se trata de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 14 do Real decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, ante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da

súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Ley 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Ley 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderase impugnar directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido

na Ley 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2001.

Juan Miguel Diz Guedes  
Conselleiro de Agricultura, Gandería  
e Política Agroalimentaria

### ANEXO

NRP	Apelidos e nome	Grupo	Corpo/Escala	Código do posto	Denominación	Nivel	Dependencia	Localidade
3498782557 A2059	García Vallejo, Monserrat	D	Auxiliar/Xeral	AGC020000015770001	Secretario/a do secretario general	18	Secretaría Xeral	Santiago de C.
3325953735 A2060	Martín Azpiazu, Asunción	A	Superior/Xeral	AGC020000015770050	Xefe/a servizo técnico xurídico	28	Secretaría Xeral	Santiago de C.
3324081457 A2060	Martínez Carro, José A.	A	Superior/Xeral	AGC020000015770001	Sbdtor./a xeral de xestión e coordinación.	30	Secretaría Xeral	Santiago de C.
3328236546 A2053	González Aguiar, Juan R.	C	Administrativo/Xeral	AGC020000015770071	Xefe/a sección de réxime retributivo	25	Secretaría Xeral	Santiago de C.
3004421924 A2063	Cabrero Poveda, Miguel	A	Facultativo superior/Especial	AGC030000015770055	Xefe/a servizo de supervisión de proxectos	28	Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	Santiago de C.
3325216302 A2063	Concheiro Abal, Juan M.	A	Facultativo superior/Especial	AGC0400000215770023	Xefe/a servizo de produción vexetal	28	Dirección Xeral de Producción Agropecuaria	Santiago de C.
3496231535 A1146	Castro López, Begoña	D	Auxiliar/Xeral	AGC050000015770002	Secretario/a do director xeral	18	Dirección Xeral de Industrias e Alimentación	Santiago de C.
3486996802 A2077	González Vázquez, Jesús	B	Facultativo grao medio/Especial.	AGC050000015770025	Xefe/a servizo de fomento asociativo	28	Dirección Xeral de Industrias e Alimentación	Santiago de C.
3605077335 A2063	Rivas Barros, Ricardo	A	Facultativo superior/Especial	AGC0500000215770001	Subdtor. xeral de comercialización agroalimentaria	30	Dirección Xeral de Industrias e Alimentación	Santiago de C.
3275318168 A2077	Carreiras Albo, Waldo	B	Facultativo grao medio/Especial	AGC0500000215770010	Xefe servizo de promoción agroalimentaria	28	Dirección Xeral de Industrias e Alimentación	Santiago de C.
3241086546 A2067	Romero Senande, Eugenio	A	Facultativo superior/Especial.	AGC991040115001001	Xefe de servizo de sanidade e produción animal	28	Delegación Provincial (A Coruña)	A Coruña
0973485546 A2067	González Cobo, Restituto	A	Facultativo superior/Especial	AGC992040127001001	Xefe de área dos servizos veterinarios	26	Servizo de sanidade e produción animal (área Lugo)	Lugo
3494575668 A2067	Sequeiros Pato, Juan Carlos	A	Facultativo superior/Especial.	AGC991040132001001	Xefe servizo de sanidade e produción animal	28	Delegación Provincial (Ourense)	Ourense
3554507824 A2067	Ocampo Cardalda, Antonio	A	Facultativo superior/Especial	AGC992040136240001	Xefe área dos servizos veterinarios	26	Servizo de sanidade e produción animal (área de Lalin)	Lalin
3233056513 A205L	Pombo Carrillo, José R.	B	Facultativo grao medio/Especial	AGC991050127001002	Xefe servizo de sanidade e produción vexetal	28	Delegación Provincial (Lugo)	Lugo
3494225113 A2077	Mansanet Perea, Carlos	B	F. grao medio/Esp.	AGC991050132001002	Xefe servizo de sanidade e produción vexetal	28	Delegación Provincial (Ourense)	Ourense
